



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

| | | | | | |
|------------------------|--|--------------|--|---------------|----------------|
| Lugar da proba: | | Data: | | Nivel: | CELGA 4 |
|------------------------|--|--------------|--|---------------|----------------|

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

| | | | | | |
|----------------------------------|---|--|-----------------------|-------------------------------|---------------------------------|
| Apelidos e nome: | | | | | |
| DNI / NIE / Pasaporte: | | | Nacionalidade: | | |
| Data de nacemento: | ___ / ___ / _____ | | Sexo: | Home <input type="checkbox"/> | Muller <input type="checkbox"/> |
| Lugar de nacemento: | <input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía | | | | |
| Lugar de residencia: | <input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea | | | | |
| Tipo de estudos cursados: | <input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos | | | | |

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga



4





Proba A1

Vostede traballa nun club deportivo e, despois de ver a seguinte reportaxe, decide enviarlle unha **mensaxe electrónica** ao equipo directivo. No texto, de **400 palabras**, vostede ten que:


- Facer un resumo da reportaxe informando sobre:
 - a relación entre estado de ánimo e rendemento;
 - os trazos psicolóxicos dos deportistas de alto nivel;
 - a orixe e a evolución do cuestionario.
- Explicar a implicación da Universidade de Santiago de Compostela no estudo mencionado.
- Comentar os beneficios que a aplicación do cuestionario e a interpretación dos seus resultados poden ter para o club.
- Xustificar a importancia de difundilo entre os membros do club.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header text. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their response to the A1 test question.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A1 exam.

Proba A2

Vostede é o presidente da súa comunidade de veciños. Na última xuntanza trataron, entre outros, os temas que se recollen no fragmento da acta (texto 1). Despois de se informar na procura dunha solución (texto 2), ten que elaborar unha carta dirixida aos propietarios do inmovible en calidade de presidente. Nesta **carta**, en **400 palabras**, ten que:

- Recordar cal é a situación co veciño disidente e co veciño prexudicado.
- Indicar cales son as obrigas dos propietarios e que actuacións pode levar a cabo a comunidade veciñal.
- Propor unha medida compensatoria para o veciño disidente.
- Convocar unha reunión informal para intentar a conciliación de intereses e, de non ser así, tomar unha decisión ao respecto.

TEXTO 1

ACTA DA XUNTA DE PROPIETARIOS (Fragmento)

En Malpica, ás 21.00 horas do día 12 de maio de 2014, no local social do edificio Eira Vella, da rúa Castelao, n.º 3, reunidos os membros da xunta de propietarios, desenvolveuse a reunión na que se trataron os seguintes asuntos:

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior. O secretario le a acta da reunión anterior, que a xunta de propietarios aproba.
2. Lectura da instancia do propietario da vivenda situada no baixo, que se nega a pagar a derrama pola instalación do ascensor, para o que alega que os ruídos producidos por veciños e máquinas afectarían o seu descanso e que os ocupantes do seu fogar non o usarán para poder acceder á súa vivenda.
3. Apoio por parte dos propietarios, agás o veciño disidente xa citado, da decisión da instalación do ascensor e da disposición a asumir os gastos que supón esta, así como a buscar unha solución axeitada para a comunidade.
4. Exposición dun veciño prexudicado da súa situación, xa que se trata dun señor maior que actualmente precisa unha cadeira de rodas. O veciño comunica á xunta de propietarios os problemas aos que se deberá enfrontar cada día se non se instala o ascensor.

(...)

TEXTO 2

INFORMACIÓN SOBRE AS OBRIGAS DOS PROPIETARIOS

No que respecta á porcentaxe de votos precisa para instalar un ascensor, sempre que non se trate de obras que teñan por finalidade a supresión de barreiras arquitectónicas, é abondo o voto favorable das tres quintas partes do total dos propietarios que representen tamén as tres quintas partes das cotas de participación.

Se a obra persegue suprimir barreiras arquitectónicas que dificultan o acceso ou a mobilidade de persoas con minusvalía física ou limitacións de mobilidade e persoas de avanzada idade, mesmo cando impliquen a modificación do título constitutivo ou dos estatutos, requírese o voto favorable da maioría dos propietarios que, ademais, representen a maioría das cotas de participación. E se se adopta o acordo, quen votase en contra del tamén quedaría vinculado e obrigado a respectalo.

No tocante a se é obrigatorio contribuír economicamente á instalación, dependerá das circunstancias concretas de cada comunidade e de cada edificio, pero, en termos xerais, se a instalación do ascensor é unha obra precisa, o disidente estará obrigado a contribuír. Mais se non é unha obra necesaria, por aplicación do artigo 11 da Lei de propiedade horizontal, só estará obrigado a contribuír cando a derrama (cantidade que lle corresponde pagar a cada veciño por un gasto extraordinario da comunidade) non exceda de tres mensualidades ordinarias de gastos comúns.

Cando o acordo adoptado é válido, a obra debe ser pagada por todos os propietarios, mesmo aqueles que votaron en contra, e tamén polos propietarios de pisos baixos e locais comerciais. Os tribunais xustifican esta obriga de pagamento porque o ascensor é na actualidade un ben necesario para a habitabilidade do edificio. Ademais, o feito de non usar un elemento común non exime de contribuír ao seu pagamento porque, aínda así, a instalación do ascensor é unha mellora do inmovible que beneficia a todos os seus propietarios.

Se un propietario non quere pagar, para non estar obrigado debe constar a exención nas escrituras dos baixos ou locais. De non ser así, pode solicitarlle á xunta de propietarios que someta esta cuestión a votación. Se hai algún propietario que se opón á liberación do pagamento, terá que desembolsar as cantidades estipuladas. Se, así e todo, segue negándose, poderá ser demandado pola comunidade por falta de pagamento.


De todos os xeitos sempre é recomendable chegar a un acordo e pódense tomar medidas compensatorias para veciños que non precisan ou non empregarán as melloras do inmovible. Entre estas medidas existen, por exemplo, as seguintes opcións:

- Exencións dos gastos de mantemento e conservación: a Lei da propiedade horizontal establece no seu artigo 9 que cada propietario debe contribuír aos gastos xerais para o adecuado sostemento do inmovible, os seus servizos, cargas e responsabilidades que non sexan susceptibles de individualización, con arranxo á cota de participación fixada no título. Porén, por outra banda, tamén existe a posibilidade de que os estatutos da comunidade de propietarios regulen de forma expresa que algúns propietarios estean exentos de pagar certos gastos comúns porque precisamente non utilicen o ben común. O exemplo máis habitual é o dos propietarios que viven en baixos e non utilizan o ascensor. Nestes supostos existe a posibilidade de que os estatutos da comunidade exoneren ao propietario dos baixos de pagar os gastos de mantemento e conservación deste.
- Redución no pagamento da derrama das obras: no caso de ascensores soe suceder que os veciños propietarios de pisos baixos ou das primeiras plantas dos edificios moitas veces non teñen inconveniente en que se instale o ascensor, xa que en principio non o empregarán (os andares baixos), pero o que non queren é pagar. Tal como dixemos, o acordo de instalación obriga a todos os propietarios a pagar, pero algunhas Comunidades de Propietarios chegan a un acordo cos veciños que non queren pagar, mediante o cal estes dan o seu consentimento á obra, pero pagan só unha parte da derrama ou, nalgúns casos pouco habituais, non a pagan. Nestes últimos casos o que se soe facer é instalar unha chave no ascensor, de forma que só funcione se a persoa

ten a chave. Esta entrégaselle só aos propietarios que pagaron. Se algunha persoa que non pagou, no seu día quere incorporarse, liquidaráselle a parte que debería ter pagado e incorporarse ao uso do ascensor.

Texto extraído e adaptado de:
Revista Eroski Consumer
<http://www.discalpnet.es/>
<http://www.sanahuja-miranda.com/es>

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their response to the A2 test.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header text. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their response to the A2 test.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

| | Adecuación | | | | Cohesión e coherencia | | | | Gramática | | | | Léxico | | | | Cualificación | |
|----|------------|---|---|---|-----------------------|---|---|---|-----------|---|---|---|--------|---|---|---|---------------|------------|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | Apto/a | Non apto/a |
| A1 | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| A2 | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

| | Adecuación | | | | Cohesión e coherencia | | | | Gramática | | | | Léxico | | | | Cualificación | |
|----|------------|---|---|---|-----------------------|---|---|---|-----------|---|---|---|--------|---|---|---|---------------|------------|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | Apto/a | Non apto/a |
| A1 | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| A2 | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

| | Adecuación | | | | Cohesión e coherencia | | | | Gramática | | | | Léxico | | | | Cualificación | |
|----|------------|---|---|---|-----------------------|---|---|---|-----------|---|---|---|--------|---|---|---|---------------|------------|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | Apto/a | Non apto/a |
| A1 | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| A2 | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións: